

MÁSCARAS ALUMNADO DE EP E ESO. (DOG N° 2218 – 12/11/2021)

➤ **NON NECESITA PRESENTAR A SOLICITUDE:** O alumnado que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2021-2022 (o vale de 50€)

➤ **QUEN PODE SOLICITALAS:**

• Pais/nais/titores/representantes legais/persoas coas que conviva en acollemento/ de alumnado de EP, ESO, admitidos neste centro, que **NON** presentaron solicitude de material escolar en tempo e forma ou resultaron excluídos.

□ **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

- A solicitude será **ÚNICA PARA TODOS OS/AS FILLOS/AS ADMITIDOS NO MESMO CENTRO** docente para o curso 2021/22.
- Se están admitidos en **centros docentes distintos**, presentarse unha solicitude en cada un dos centros.
- O PRAZO COMEZA O **15 DE NOVEMBRO E REMATA O 26 DE NOVEMBRO DE 2020**.

As solicitudes deberán presentarse **presencialmente no centro docente** onde estea matriculado o alumno utilizando o formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Este formulario de solicitude (anexo I) tamén estará dispoñible **no centro docente** e no portal educativo, <http://www.edu.xunta.gal>.

✓ **Alumnado destinatario**

O alumnado **matriculado en educación primaria e secundaria obrigatoria** que, de acordo coa Orde do 28 de outubro de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2021/22:

1. Fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar. (**NON ten que presentar solicitude**)
2. **Non** fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar por non ter presentado solicitude ou estar excluído **no curso 2021-2022**, pero:
 - a) Pertenza a **familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000€**.
 - b) Estea matriculado en educación especial, ou suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou teña unha **discapacidade igual ou superior ao 65 %**, con independencia da renda da unidade familiar.

✓ Solicitudes:

Xunto coa INSTANCIA (anexos I e II) hai que presentar **ORIXINAIS** e **COPIAS** DOS SEGUINTES DOCUMENTOS:

1. Fotocopia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren todos os membros computables.

En caso de **separación ou divorcio**, deberán achegar **ademais** a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando **algún** dos seguintes medios:

- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

2. SO NO CASO DE DISCAPACIDADE ≥ 33 % do alumno/a ou membro familia. Achegarán certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia se foi recoñecido por un órgano que **NON** pertenza á Xunta de Galicia.

3. SO NO CASO DE VIOLENCIA DE XÉNERO. Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

4. SÓ no caso de INCAPACITACIÓN XUDICIAL CON PATRIA POTESTADE PRORROGADA OU REHABILITADA. Acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

5. SÓ no caso de alumnado en situación de acollemento ou garda ou tutela da Xunta de Galicia: Copia da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores.

6. SÓ no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE: Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Non será necesario achegar os documentos que xa presentase a persoa interesada coa solicitude de material escolar do curso 2021/2022.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR (OS DATOS FAMILIARES SON A 31-12-18 e OS DA RENDA SON DO 2018):

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:
$$\frac{\text{Suma dos importes do recadro 432 (base imponible xeral) + recadro 460 (base imponible do aforro) (IRPF 2018) de tódolos membros da unidade familiar computables, con ingresos de calquera natureza.}{* N^{\circ} \text{ de membros computables da unidade familiar}}$$

No caso de **NON presentar declaración**, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT (Ax. Tribut.).
Computarán por dous os membros que acrediten unha **discapacidade igual ou superior ao 33 %** **ou** a percepción dunha pensión da Seguridade Social por **incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez**, **ou** a equivalente de **clases pasivas**.
Nos casos de **violencia de xénero non se terán en conta** os **ingresos do agresor** para determinar a renda per cápita da unidade familiar

✓ **Membros computables da unidade familiar(a 31/12/2019):**

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados, incluídos os tutelados, e acollementos familiares permanentes ou preadoptivos, legalmente constituídos.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

NON terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, **AGÁS NACUSTODIA COMPARTIDA**.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS E DEFINITIVAS E RECLAMACIÓNS

As listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios do centro.

As familias excluídas poderán formular reclamación no centro nos 2 días hábiles seguintes ao da publicación das listaxes provisionais. Unha vez resoltas as reclamacións publicarase a listaxe definitiva no taboleiro do centro.

Contra a exclusión na listaxe definitiva as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de cultura, educación e universidade, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva.